

A TRAMITACIÓN AMBIENTAL DE NOVOS ESTABLECEMENTOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DESPOIS DA LEI 9/2013 DO EMPRENDIMENTO E DA LEI 21/2013 DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

Fernando BLANCO SILVA, Dr. enxeñeiro industrial do Corpo superior de enxeñeiros industriais da Xunta de Galicia. Fernando.blanco.silva@xunta.es. Delegación de Santiago de Compostela do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia
Alfonso LÓPEZ DÍAZ, Dr. profesor da Universidade Católica de Ávila. Facultade de Ciencias e Artes, Ávila (España) Alfonso.lopez@ucavila.es.

RESUMO

No ano 2013 aprobáronse a *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e a *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, que supoñen un cambio na normativa para a formulación de novos establecementos nesta Comunidade, en función do impacto ambiental que provocarán; a estes dous documentos normativos débense engadir a necesidade do cumprimento da *Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación* para actividades que emitan elevadas cantidades de gases contaminantes. Neste artigo realizamos unha análise das tres leis, así como unha explicación de como resulta o procedemento de autorización de novos establecementos na actualidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Palabras chave: Establecemento, licenza de actividade, Declaración de Incidencia Ambiental, Declaración de Impacto Ambiental, comunicación previa.

1. INTRODUCCIÓN

A Constitución Española no seu Artigo 45 recolle “o dereito a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo”, e o deber dos poderes públicos de “protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restituír o medio ambiente (...)”; ademais o Artigo 149.1.23 recolle que o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación básica de protección ambiental, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais [1]; nesta liña o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu Artigo 27 a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en “*Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do Artigo 149.1.23*”. [2]. A este complexo repartimento de competencias débemoslle engadir as municipais, que se regulan fundamentalmente nos Artigos 7 e 25 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local* [3], e basicamente son a elaboración de normativa propia adicional (de forma opcional) e as licenzas de actividade, coas particularidades que aquí exporemos.

2. A INTRODUCCIÓN DA NORMATIVA AMBIENTAL EN ESPAÑA

A norma histórica de referencia con respecto ao medio ambiente é o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (R.A.M.I.N.P.) de 1961, que recolle as limitacións para evitar as molestias que causaban as actividades industriais (chamadas actividades clasificadas). Este documento é un excelente marco xurídico que se mantén en vigor ata 2007 [4]. O Artigo 6 do R.A.M.I.N.P. recolle que “será competencia dos Alcaldes a concesión de licenzas para o exercicio das actividades reguladas, a vixilancia para o mellor cumprimento destas disposicións e o exercicio da facultade sancionadora (...)”; é dicir que antes da abertura de calquera actividade clasificada era necesario solicitar autorización ao municipio. Incluíase como “actividades clasificadas” un amplo *ANEXO I. Nomenclátor anexo á Regulamentación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas* do mesmo R.A.M.I.N.P., aínda que este Nomenclátor non ten carácter limitativo, senón que outras actividades de impacto semellante tamén deben ser sometidas a esta licenza e por

extensión calquera actividade que puidera ter algún compoñente contaminante esixía autorización previa.

Incluímos a continuación a descrición que fai López Ramón do proceso de licenza municipal [5]: *As actividades clasificadas requiren precisamente da licenza municipal outorgada conforme ao procedemento especial do R.A.M.I.N.P. A solicitude de licenza debe ir acompañada dun proxecto técnico e memoria descritiva das características da actividade, a súa repercusión sobre a sanidade ambiental e os sistemas correctores previstos (art. 29). O alcalde pode denegar directamente a licenza "por razóns de competencia municipal" (art. 30.1); noutro caso, a solicitude someterase a información pública, audiencia de interesados ("os veciños inmediatos ao lugar de situación proposto") e informes de diversos dos funcionarios locais (art. 30.2), incorporándose un informe final da corporación municipal (art. 30.3).*

O proceso de Avaliación de Impacto Ambiental iníciase nos anos setenta, a partir da Lei Nacional de Política Ambiental aprobada nos EEUU e a Conferencia de Medio ambiente de Estocolmo [6]; durante os anos setenta e oitenta, os países desenvolvidos elaboraron programas e normativas cuxo fin era preservar o medio ambiente "dende un enfoque sectorial, cuxo fin era eliminar ou, alomenos, diminuír o problema da contaminación a través do seguemento dunhas normas mínimas en materia de residuos, auga e ar" [7]; no caso particular dos Estados Membro "as primeiras directrices de loita contra a contaminación das décadas dos setenta e oitenta tiñan un enfoque sectorial e, como consecuencia, unha visión parcial e compartimentada das problemáticas ambientais" segundo Juan José Pernas García [8].

España actuou nesta liña e de forma sectorial aproba a normativa ambiental limitando os efectos sobre o medio natural de certas actividades; un claro exemplo desta liña é a *Lei 82/1980, do 30 de decembro, sobre conservación de enerxía* [9]; é una Lei sectorial, orientada á redución do consumo de hidrocarburos e fomento das enerxías renovables pero no seu contido non recolle explicitamente o concepto de "medio ambiente" ou "contaminación"; outros exemplos son as de ordenación urbanística. Coa entrada de España na UE aplícanse as directivas comunitarias (en particular a *Directiva 85/377/CEE do 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente* [10]) e introdúcese por primeira vez esta avaliación. A Directiva fai referencia á "avaliación das repercusións", que, segundo Rosa Montero (2004), na práctica é a avaliación de impacto ambiental [11].

A Directiva 85/377/CEE trasponse a España no *Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental* [12], como primeiro documento xurídico que se vencella explicitamente ao impacto ambiental. Este Real Decreto Lexislativo por primeira vez obriga a que se sometan os grandes proxectos á Avaliación de Impacto Ambiental (E.I.A.) como procedemento xenérico, no que un técnico competente debe redactar un documento técnico para minimizar os efectos do proxecto.

Unha vez analizada a situación previa en España entraremos a analizar a normativa autonómica: o *Decreto 442/1990, do 13 setembro de Avaliación de impacto ambiental* [13] e a *Lei 1/1995 de protección ambiental da Comunidade Autónoma* [14].

Xa citamos o *Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental* de aplicación estatal; en aplicación da competencia autonómica de aprobar normativa engadida, apróbase o *Decreto 442/1990, do 13 de setembro de Avaliación de impacto ambiental* para Galicia como unha extensión do Real Decreto Lexislativo. O Decreto 442/1998 de Avaliación de Impacto ambiental foi derogado pola *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*.

3. A LEI 1/1995, DO 2 DE XANEIRO, DE PROTECCIÓN AMBIENTAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En 1995 non existía unha Lei Básica de Medio Ambiente Estatal, polo que algunhas Comunidades aproban as súas propias leis de algo que a nivel estatal non estaba regulado; “esta mesma opción –de aprobación de leis xerais sobre o medio ambiente–seguírona, ata o momento, outras Comunidades Autónomas como Madrid, Andalucía, Murcia, e País Vasco [15]”. Esta Lei 1/1995 ten un carácter xeral para a Comunidade Autónoma e non regula unicamente as actividades en función do seu impacto ambiental senón que tamén vai incentivar a concienciación e educación ambiental da poboación galega, procura institucionalizar os contactos entre a administración ambiental e a Comunidade científica, espertar unha conciencia ecolóxica entre os cidadáns e finalmente incluír un procedemento regulatorio do incumprimento desta Lei (réxime de inspeccións); no seu contido introduce a procura dun pacto ambiental en situacións conflitivas, procurando un acordo entre as entidades contaminantes e o resto de interlocutores; este pacto é recoñecido como “innovador e moi positivo” segundo Severino González Álvarez [16]. A día de hoxe, a Lei 1/1995 está parcialmente en vigor, aínda principalmente vencellada ás actividades de concienciación ambiental, porque o réxime de actividade está regulado pola *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* que se comentará posteriormente.

4. LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO, DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN

Unha vez marcados os criterios básicos da avaliación ambiental, comézase a reforzar a vixilancia ambiental sobre as tarefas máis contaminantes; o primeiro documento normativo a nivel estatal que concreta a vixilancia ambiental é a *Lei 16/2002, do 1 de xullo, de Prevención e Control Integrados da Contaminación* [17]. Esta Lei 16/2002 é a trasposición da *Directiva 96/61 de prevención e control integral da contaminación* (tamén denominada Directiva IPPC) que procura garantir a calidade do ar; para isto céntrase nas actividades que xeran emisións en grandes cantidades (combustión, incineración de residuos,...). Nestes casos o procedemento administrativo que permite a actividade é a Autorización Ambiental Integrada, que será outorgada polos organismos competentes das Comunidades Autónomas, despois un procedemento de información pública e comprobación da compatibilidade da explotación coa ordenación urbanística (e o resto da normativa municipal). Para ser outorgada a Autorización Ambiental Integrada é necesario aplicar as Melloras Técnicas Disponibles (MTDs) e garantirase que as emisións por actividade non superen os niveis de emisión asociados a estas M.T.D.s; o uso destas M.T.D.s supón un custo moi elevado para o promotor, e só se poderán deixar de aplicar cando a súa aplicación supoña uns custos desproporcionados. As actuacións serán revisadas e actualizadas con periodicidade de catro anos [18]. O Anexo 1 inclúe as instalacións afectadas, tales como instalacións de combustión, refinarías de petróleo, produción e transformación de metais, industrias minerais, químicas, xestión de residuos, industria derivada da madeira, industria téxtil, coiro, alimentarias e ganderías; na maioría dos casos cuns límites de produción que o lexislador considera suficientemente contaminantes.

5. A LEI DE IMPACTO AMBIENTAL DE PROXECTOS, TEXTO REFUNDIDO APROBADO POLO REAL DECRETO LEGISLATIVO 1/2008, DO 11 DE XANEIRO E A LEI 9/2006, DO 28 DE ABRIL, SOBRE AVALIACIÓN DOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANS E PROGRAMAS NO MEDIO AMBIENTE

Durante os seguintes anos apróbanse basicamente dous documentos normativos de relevancia como son a *Lei de Impacto Ambiental de proxectos, texto refundido aprobado*

polo Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro [19] e a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente [20]. Estas dúas normas teñen unha estrutura semellante, porén ámbitos de aplicación diferentes; o primeiro para proxectos namentres que o segundo é para plans e programas (de contido máis difuso). Cada un deles recolle procedementos semellantes; trátanse de actividades con menor impacto cas reguladas pola Lei 16/2002, sendo o órgano competente a Comunidade Autónoma.

As instalacións afectadas polo Real Decreto Legislativo 1/2008 e pola Lei 9/2006 son en xeral as que recollía o Real Decreto Legislativo de 1986; trátase de actuacións de elevado impacto.

6. A LEI 17/2009, DO 23 DE NOVEMBRO, SOBRE O LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E O SEU EXERCICIO

Unha vez “derrogado” o Regulamento de Actividades Molestas Insalubres Nocivas e Perigosas complícase aínda máis a licenza de actividade coa aprobación da Lei 17/2009 sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. O mesmo R.A.M.I.N.P. obrigaba a que o municipio concedera unha licenza de actividade a infinidade das actividades empresariais, xa que son moitas as recollidas no Nomenclátor, ou aquelas que non estando incluídas se asimilan ás mesmas, e que o municipio decide esixir a devandita licenza.

A Lei 17/2009 ten como fin fomentar a liberalización dos servizos e establecementos como trasposición da *Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior*. Esta Directiva procura diminuír a intervención administrativa no máximo número de actividades e reducir os atrancos inxustificadas para o exercicio das actividades de servizos, proporcionando unha contorna máis transparente para a creación de empresas, porén aínda existen restricións sectoriais en sectores máis “delicados” (correos, enerxía, servizos financeiros, telecomunicacións, transportes, ETTs, sanitarios...). Ademais simplifica os procedementos.

A aprobación da Lei 17/2009 supón unha modificación moi importante na normativa española de cara aos novos establecementos, xa que só de forma moi xustificada poderíase “entorpecer” a implantación de novos establecementos cunha licenza administrativa a cargo do propio concello. Destacamos a análise de JR Chaves na web www.contencioso.es [21], “A vixencia das leis encamiñadas a poñer en práctica a liberalización dos servizos e establecementos propiciada pola Unión Europea e que afecta ao réxime de licenzas no ámbito local, tras a modificación provocada pola Lei 17/2009 na Lei de Bases de Réxime Local (en cumprimento da Directiva de Servizos 2006/123/CE), deixa no limbo a situación das licenzas esixidas para a instalación e/ou abertura de actividades contempladas no anexo do Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Perigosas e Insalubres de 1961.

(...) É certo que algunhas actividades, tales como a sanitaria, audiovisual ou de seguridade privada, están expresamente excluídas do ámbito da directiva, pero as restantes quedaron excluídas da exigencia de autorización ou licenza previa tal e como deriva da normativa comunitaria.

Ou sexa, que a tempo real, os Concellos atoparanse con que boa parte das actividades clasificadas non se poden suxeitar a previa licenza nin moito menos aos molestos trámites do RAMI. Así de crudo e así de claro”.

Isto supuxo a necesidade de que os concellos modificaran os seus procedementos, evitando os tediosos trámites de obtención de licenzas, xa que en aplicación desta Lei 17/2009, eran dificilmente xustificables na meirande parte das actividades denominadas “reguladas”.

7. LEI 21/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

Esta Lei foi aprobada en decembro de 2013, e derroga a Lei 9/2006 e o Real Decreto Legislativo 1/2008; aínda que introduce algunhas variacións a grandes trazos o que fai é unificar os seus criterios.

No seu preámbulo, fai referencia a que a avaliación ambiental é un instrumento indispensable para a protección do medio ambiente, a avaliación ambiental é un instrumento plenamente consolidado no ámbito internacional en particular no Convenio de Espoo de Avaliación de Impacto Ambiental de 1991; no ámbito comunitario destacamos a *Directiva 2001/42/CE de avaliación ambiental de plans e programas* e a *Directiva 2011/92/UE de avaliación das repercusións de proxectos públicos e privados*.

Esta *Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental* caracterízase por uniformizar os criterios a cumprir ao instituír procedementos administrativos que autorizan plans, programas e proxectos usando os mesmos criterios. A avaliación de plans e programas por unha banda e a de proxectos eran dous procedementos distintos aínda que con moitos conceptos comúns pero que se homoxeneizan coa nova Lei 21/2013 e os procesos son practicamente idénticos; ademais se distingue a terminoloxía para cada caso, xa que na avaliación de plans e programas se realiza a Avaliación Ambiental Estratéxica namentres que no caso dos proxectos é a Avaliación de Impacto Ambiental.

Coa aprobación de esta *Lei 21/2013* aumenta a seguridade xurídica do promotor porque se desenvolve unha lexislación homoxénea en todo o Estado Español que permita aos promotores coñecer de antemán as esixencias legais de carácter ambiental que requirirán as súas actuacións, independentemente do lugar onde se desenvolve, e se unifican as esixencias por parte das administracións autonómicas (ata este momento os criterios autonómicos non se concretaran de forma suficiente), evitando posibles deslocalizacións). O informe *Desenvolvemento autonómico, competitividade e cohesión social. Medio Ambiente* do Consello Económico e Social determinaba que en 2012 os requisitos para a implantación de actividades diferían moito en función da Comunidade Autónoma e ata detectou que para algunhas actividades non era necesaria autorización e noutras si. Á hora de tramitar as autorizacións debemos distinguir entre o órgano substantivo (a quen se lle solicita que a conceda) do órgano ambiental (que emitirá un informe vinculante).

Existen dous procedementos; por unha banda a avaliación de plans e programas e por outra a de proxectos; nos dous casos existen a avaliación ordinaria e a simplificada cando se trata dun ámbito máis reducido.

Nos dous casos o procedemento inclúe a presentación por parte do promotor dun documento redactado por un técnico competente cos impactos que vai provocar, medidas para o minimizar, plans de vixilancia..., que será estudado pola administración, sometido como norma xeral a consultas públicas e ás persoas afectadas/interesadas (nos procedementos simplificados pode non se realizar a fase de consultas públicas), análise polas administracións públicas da documentación xerada e finalmente a emisión dun documento por parte da administración competente (en Galicia a Consellería de Medio Ambiente) coas limitacións que considera. Este documento vai recibir o nome de Declaración Ambiental Estratéxica (para plans e programas) ou Declaración de Impacto Ambiental (para proxectos); estes dous documentos teñen unha versión máis reducida cando se aplican os procedementos simplificados que se denomina Informe Ambiental Estratéxico e Informe de Impacto Ambiental. A Declaración Ambiental Estratéxica ou a Declaración de Impacto Ambiental publicarase no correspondente Diario Oficial autonómico e ten unha validez a partir desta publicación. Vemos a continuación unha táboa resumo cos procedementos ao completo:

Táboa 1: Resumo comparativo dos dous procedementos ambiental:

	Avaliación Ambiental Estratéxica	Avaliación de Impacto Ambiental
Orientado a	Plans e en menor medida a proxectos	Proxectos
Documento presentado inicialmente polo promotor	Documento Inicial Estatéxico	
Documento elaborado polo órgano ambiental	Documento de Alcance	Documento de alcance (aínda que a súa solicitude é voluntaria)
Documento elaborado polo promotor para a avaliación ordinaria	Estudo Ambiental Estratéxico	Estudo de Impacto Ambiental
Dictame vinculante do órgano ambiental (procedemento ordinario)	Declaración Ambiental Estratéxica	Declaración de Impacto Ambiental
Vixencia do dictame vinculante	Dous anos ampliables con prórroga	Catro anos ampliables con prórroga
Prórroga do dictame vinculante	Dous anos	Dous anos
Documento do promotor para a avaliación simplificada	Documento Ambiental Estratéxico	Documento ambiental con definición básica
Prazo para a avaliación ordinaria	22 meses prorrogables a outros dous (total 24 meses)	Catro meses prorrogables por outros dous a maiores (total seis)
Dictame vinculante do órgano ambiental (procedemento simplificado)	Informe Ambiental Estratéxico	Informe de Impacto Ambiental
Vixencia do dictame en procedemento simplificado	Catro anos, non renovable	Catro anos, non renovable
Prazo para a avaliación simplificada	Catro meses	Tres meses

O Título III recolle o réxime sancionador, no caso de incumprimento da Lei 21/2013, sendo o órgano substantivo competente o que debe seguir o cumprimento da normativa, malia que será auxiliado polo órgano ambiental.

As sancións imponranse segundo o grao de culpabilidade, reiteración, participación e beneficios obtidos, danos ao medio ambiente... sendo a potestade sancionadora do órgano substantivo clasificando entre infraccións moi graves, graves e leves, coas características seguintes:

Táboa 2: Resumo do réxime sancionador

	Sanción económica	Prescrición da infracción	Prescrición da sanción
Moi graves	240.000 € a 2.4 M€	Tres anos	Tres anos
Graves	24.000 € a 240.000 €	Dous anos	Dous anos
Leves	Ata 24.000€	Un anos	Un anos

Ademais de derrogar os documentos citados (Lei 9/2006, Real Decreto Lexislativo 1/2008) esta Lei obriga á derogación das normas autonómicas que non sigan a filosofía desta Lei de unificación de criterios no prazo dun ano; porén, se antes deste ano as Comunidades Autónomas aproban novos textos normativos adaptados a esta lei, a derogación prevista no apartado anterior producirase no momento en que as novas normas autonómicas entren en vigor.

Anexo I: Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria e Anexo II: Proxectos sometidos á avaliación ambiental simplificada

Identifícanse dez grupos para cada un dos dous anexos. É importante dicir que nalgúns casos as actividades xa estaban no ámbito de aplicación da Lei 16/2002 por producir altas emisións de gases contaminantes, dase esta situación nas centrais térmicas que teñan potencia superior a 300 MW, instalacións de refinaría de petróleo ou de produción de materiais ferrosos cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias; neste caso a Declaración de Impacto Ambiental formará parte da Autorización Ambiental Integrada como un criterio máis a cumprir pola mesma.

7. LEI 9/2013, DO 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA. CAPÍTULO II. AVALIACIÓN AMBIENTAL DE ACTIVIDADES DO TÍTULO III. REGULACIÓN INTEGRADA DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES

Esta Lei 9/2013 de Emprendemento [22] apróbase por parte da Comunidade Autónoma para axilizar os trámites para a implantación de novas actividades económicas na mesma, en particular aplicando o procedemento de simplificación administrativa, e como norma xeral, suprímese a necesidade de licenzas ou autorización municipal previa (tal e como marcaba a Lei 17/2009) de forma que na maioría das actividades será suficiente coa presentación da comunicación previa para iniciar a actividade e só nos casos nos que a normativa o esixa, é necesaria unha autorización explícita emitida pola administración competente.

Tal e como citamos antes contarán con Autorización Ambiental Integrada todas as instalacións con altas emisións (Lei 16/2002), a continuación irían as actividades cun alto impacto ambiental, que estarán reguladas pola Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental e, finalmente, aplícase o proceso de Declaración de Incidencia Ambiental (o menos estrito, de competencia autonómica) cando non sexa de aplicación a normativa citada; o Anexo I desta Lei 9/2013 do emprendemento inclúe a relación de tarefas que deben ser sometidas ao procedemento autonómico de Avaliación de Incidencia Ambiental, que citaremos a continuación.

O contido ambiental está recollido no *Capítulo II. Avaliación ambiental de actividades do Título III. Regulación integrada do exercicio de actividades*, e recolle a necesidade de que as actividades incluídas dispoñan da Declaración de Incidencia Ambiental para a

implantación dunha nova actividade, antes de que sexa emitida a comunicación previa, cando non existe outra normativa específica de aplicación e non estean recollidas dentro das dúas leis antes citadas.

Nos casos incluídos no Anexo I débese contar coa Declaración de Incidencia Ambiental, que se debe incorporar á solicitude (Comunicación previa) ou alomenos dicir que se dispón dela (declaración responsable); en caso de non dispoñer dela considerárase que a declaración responsable ou comunicación previa carece de validez.

O procedemento iníciase por parte do promotor, solicitándolle á Consellería de Medio ambiente que emita a Declaración de Incidencia Ambiental para unha actividade incluída na listaxe; para isto o promotor presentará o proxecto técnico redactado por un técnico competente, e unha Memoria Ambiental. Unha vez que se solicita a Declaración de Incidencia Ambiental, o órgano ambiental publicará a memoria na súa web e asemade consultará ás outras administracións afectadas, así como a outras persoas físicas ou xurídicas que poidan ser partes interesadas. Cando o concello emita un informe de non compatibilidade do procedemento coa ordenación urbanística, este será vinculante e a resolución finalizará o procedemento, declarando a súa inadmisión (o concello ten dereito de veto se a actuación non é apta para a ordenación urbanística vixente).

Recollidos os informes do punto anterior, o órgano ambiental vai estudar e emitirá a Declaración de Incidencia Ambiental, coas medidas preventivas, correctoras e de restauración que correspondan á actividade. O órgano ambiental (a Consellería de Medio ambiente) terá un prazo de resolución da solicitude de dous meses dende a presentación da solicitude. A resolución finaliza coa emisión da Declaración de Incidencia Ambiental; cando se supere este prazo de dous meses a declaración entenderase favorable, quedando o promotor obrigado ao cumprimento de medidas preventivas, correctoras e de restauración que se propuxera orixinalmente na Memoria Ambiental.

Sen prexuízo das competencias atribuídas á Administración Autonómica, a Vixilancia e o control da Declaración de Incidencia Ambiental serán de competencia municipal. O incumprimento desta normativa será sancionada en aplicación da Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia.

No Anexo: Catálogo de actividades sometidas ao proceso de incidencia ambiental, este Anexo I recolle actuacións que xa recogía a Lei 21/2013 aínda que cun treito de diferenza, por exemplo a Lei 21/2013 de avaliación ambiental recolle que as instalacións de combustión para xeración de enerxía eléctrica con potencia térmica superior a 50 MW deben ser sometidas a avaliación segundo a Lei 21/2013; o Anexo I indica que para aquelas instalacións de xeración eléctrica de potencia térmica entre 1 MW e 50 MW serán sometidas á Lei autonómica. É idéntico no caso doutras actividades industriais, agrícolas... nas que se rebaixa o limiar nacional a un treito inferior; ademais tamén se inclúen outras actuacións de menor entidade como poidan ser gasoleiras ou campos de golf.

8. CONCLUSIÓNS

A entrada en vigor da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* e da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* clarexan dalgunha maneira o procedemento de entrada en funcionamento dun novo establecemento despois da situación previa que provocara a derogación do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (R.A.M.I.N.P.) e en particular a aprobación da *Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio*. Esta última (a Lei 17/2009) introducira a libre prestación de servizos e só permitía que estes estiveran condicionados a unha autorización previa en casos excepcionais aínda que ata ese momento era práctica normal

que calquera nova actividade (servizos, comercial...) que se implantase en España tivera que esperar a obter a licenza de actividade que lle permitira iniciála.

A Lei 9/2013 clarexa a situación para a Comunidade Autónoma de Galicia, como norma xeral suprime a necesidade de licenza de actividade e substitúeela por unha comunicación previa na que o titular declara o cumprimento de toda a normativa de aplicación. Unicamente nun grupo de limitadas excepcións a obtención da licenza esixe un documento ambiental previo emitido pola administración competente (neste caso o organismo ambiental da Comunidade Autónoma); así as actividades contaminantes podemos dividilas en tres grupos:

- As que son grandes emisoras de gases contaminantes, recollidas na *Lei 16/2002, do 1 de xullo, de Prevención e Control Integrados da Contaminación*, que necesitan dispoñer da Autorización Ambiental Integrada
- As grandes contaminantes (emisións de gases, xeración de verteduras e residuos), reguladas pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que deben ser sometidas á Avaliación Ambiental Estratéxica ou Avaliación de Impacto Ambiental como procedementos de control; estes dous procedementos resólvense coa emisión da Declaración Ambiental Estratéxica ou a Declaración de Impacto Ambiental (ou os seus documentos resumidos en caso de se aplicar o procedemento simplificado). Nalgúns casos as actividades a realizar tamén se inclúen no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, polo que o documento de control formará parte da Autorización Ambiental Integrada.
- As actividades contaminantes en menor medida, que están recollidas no propio Anexo da Lei 9/2013, e que precisan dispoñer da Declaración de Incidencia Ambiental. Nestes casos é necesario que ao se iniciar a actividade, o titular conte coa Declaración de Incidencia Ambiental positiva, así como que realice a correspondente comunicación ao concello; a non presentación destes documentos suporá que realiza a actividade sen cumprir a devandita autorización e polo tanto o inicio do procedemento sancionador.

BIBLIOGRAFÍA

- [1] Constitución Española. Boletín Oficial del Estado núm. 311, de 29 de diciembre de 1978, páginas 29313 a 29424 (112 págs.)
- [2] Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. Boletín Oficial del Estado núm. 101, de 28 de abril de 1981, páginas 8997 a 9003
- [3] Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local. Boletín Oficial del Estado núm. 80, de 3 de abril de 1985, páginas 8945 a 8964
- [4] Decreto 2414/1961, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas. Boletín Oficial del Estado núm. 292, de 7 de diciembre de 1961, páginas 17259 a 17271
- [5] Ramón, F. L. NOTAS SOBRE ACTIVIDADES CLASIFICADAS (El régimen jurídico de la revisión y control de las licencias ambientales).
- [6] Coria, I. D. (2008). El estudio de impacto ambiental: características y metodologías. Revista de la Universidad del Centro Educativo Latinoamericano, 11(020).
- [7] Andrés, E. F. (2003). Actualidad sobre legislación medioambiental en España: políticas medioambientales de algunas empresas. Proyecto social: Revista de relaciones laborales, (10), 123-147.

- [8] Pernas García, J. J. (2013). La transposición de la directiva de emisiones industriales y su incidencia en la Ley 16/2002 de prevención y control integrados de la contaminación. *Actualidad Jurídica Ambiental*, (3), 1-54.
- [9] Ley 82/1980, de 30 de diciembre, sobre conservación de energía, *Boletín Oficial del Estado* núm. 23, de 27 de enero de 1981, páginas 1863 a 1866
- [10] Directiva del Consejo 85/337/CEE, de 27 de junio de 1985, relativa a la evaluación de las repercusiones de determinados proyectos públicos y privados sobre el medio ambiente (DOCE núm. L 175, de 5 de julio de 1985). http://www.medioambientecantabria.es/documentos contenidos/7060_1.1.pdf
- [11] Rosa Moreno, J. (2004). La evaluación de impacto ambiental. Intervención de los entes locales.
- [12] Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de junio, de evaluación de impacto ambiental. *Boletín Oficial del Estado* núm. 155, de 30 de junio de 1986, páginas 23733 a 23735
- [13] Decreto 442/1990 de 13 de septiembre de Evaluación de Impacto Ambiental para Galicia. *Diario Oficial de Galicia* 25 septiembre 1990, núm. 188, [pág. 6275]
- [14] Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de la Comunidad Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia* núm. 29 de 10 de Febrero de 1995 y *Boletín Oficial del Estado* núm. 143 de 16 de Junio de 1995
- [15] Larruga, F. J. S. (2000). Ley de protección ambiental de Galicia: sus bases jurídicas y principios ordenadores (y II). *Revista xurídica galega*, (29), 285-313.
- [16] Álvarez, S. G. (2002). Medio ambiente. *Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, 11(2), 349-354.
- [17] Ley 16/2002, de 1 de julio, de Prevención y Control Integrados de la Contaminación. *Boletín Oficial del Estado* núm. 157, de 2 de julio de 2002, páginas 23910 a 2392
- [18] Ministerio de Medioambiente, <http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/medio-ambiente-industrial/prevencion-y-control-integrados-de-la-contaminacion-ippc/autorizacion-ambiental-integrada-aa/>
- [19] Ley de Impacto Ambiental de proyectos, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de enero. *Boletín Oficial del Estado* núm. 23, de 26 de enero de 2008, páginas 4986 a 5000
- [20] Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente. *Boletín Oficial del Estado* núm. 102, de 29/04/2006
- [21] Chaves, JR <http://contencioso.es/2010/04/07/el-enredo-de-las-licencias-municipales-de-actividad-ante-la-directiva-de-servicios>
- [22] Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 247 Viernes, 27 de diciembre de 2013 Pág. 50255

